

ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS (Rex. Entrada 23.01.2018, 2018-E-RPLN-1).

PLENO 25 XANEIRO 2018. ACTA 01/2018

2) Sobre as solicitudes de autorizacións de eventos. Coñecida a dificultade que lle supón ás diferentes organizacións e entidades que programan eventos culturais, festivais e demais actos con asistencia de público poder cumprir coa burocracia e necesidades que levan parellas as solicitudes de autorizacións no concello de Redondela. Existindo moita incerteza e dúbidas sobre que informes, plans, seguros, etc; deben presentar e cales non, e en que casos.

ROGAMOS que se proceda a difundir tanto na web do Concello como directamente ás entidades e asociacións habituais na programación de eventos, dunhas instrucións de cara a cumprir coas necesidades burocráticas na solicitude de autorización. Do mesmo xeito rogamos e propomos que o Concello realice unha serie de sesións informativas coas entidades culturais e sociais, comisións de festas e demais promotores de eventos para explicar as necesidades documentais, en función do tipo de acto, do risco inherente, do número de asistentes e demais baremos.